

NOTA INFORMATIVA DO PROCESO SELECTIVO POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA DIVERSAS CATEGORÍAS DA CORPORACIÓN

De conformidade co Acordo do 20 de maio do 2026 dos tribunais encargados de cualificar o proceso selectivo convocado por Resolución do 16 de maio do 2025 da Dirección Xeral da CSAG, lémbrese a todas as persoas aspirantes admitidas no proceso que:

- ✓ A celebración do primeiro exercicio será o día 6 de xuño do 2026. O chamamento único comezará ás 09:30 horas na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC (Campus Norte, Avda. de Castelao S/N, Santiago de Compostela). Aconséllase acudir coa suficiente antelación para localizar a porta de acceso para realizar o exame.
- ✓ Unicamente se permitirá a entrada ao interior do recinto ás persoas que, na súa condición de aspirantes, figuren como admitidas.
- ✓ As persoas que non se atopen á mencionada hora na entrada decaerán no seu dereito á realización do exame.
- ✓ A entrada realizarase de xeito organizado: unha persoa membro da organización acompañará ás persoas aspirantes, por categoría, dende a porta de acceso da facultade á aula correspondente.
- ✓ As persoas aspirantes deberán ir provistas do seu documento nacional de identidade, pasaporte ou carné de conducir (documento orixinal) e de bolígrafo de cor azul ou negra.
- ✓ Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.
- ✓ As persoas que rematen o exercicio dentro dos oitenta (80) primeiros minutos, non poderán levar consigo o cuestionario de preguntas, que lles será devolto á finalización do tempo da proba.
- ✓ Unha vez que as persoas aspirantes abandonen a aula do exame deberán saír das instalacións da facultade.
- ✓ O modelo de follas de respostas que será utilizado o vindeiro 6 de xuño do 2026 para responder ás preguntas tipo test pódese descargar a través do portal web corporativo.
- ✓ Os xustificantes de asistencia á proba expediranse de oficio, de xeito que non teñen que ser solicitados polas persoas candidatas ao Tribunal.